

A proposta de reforma requirirá, en todo caso, a aprobación da Asemblea por maioría de dous tercios e a aprobación das Cortes Xerais mediante lei orgánica.»

47. Punto 1 da disposición adicional primeira.

«1. Cédeselle á Comunidade de Madrid, nos termos previstos no número 3 da presente disposición, o rendemento total ou parcial dos seguintes tributos:

- a) Imposto sobre a renda das persoas físicas, cos límites e condicións que se establezan na cesión.
- b) Imposto sobre o patrimonio.
- c) Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.
- d) Imposto sobre sucesións e doazóns.
- e) A imposición xeral sobre as vendas na súa fase retalista.
- f) Os impostos sobre consumos específicos na súa fase retalista, salvo os recadados mediante monopolios fiscais.
- g) Os tributos sobre o xogo.

A eventual supresión ou modificación dalgún destes tributos implicará a modificación ou extinción da cesión.»

48. Disposición adicional segunda.

«A celebración de eleccións atenderá ó que dispoñan as Cortes Xerais, co fin exclusivo de coordinalo calendario das diversas consultas electorais.»

**Artigo segundo.**

Queda suprimido o seguinte precepto: artigo 25.

**Artigo terceiro.**

Os artigos enumerados a seguir, o texto dos cales permanece inalterado, modifica a súa numeración na forma que se indica:

- O artigo 30 pasa a se-lo artigo 29.
- O artigo 32 pasa a se-lo artigo 31.
- O artigo 34 pasa a se-lo artigo 33.
- O artigo 35 pasa a se-lo artigo 34.
- O artigo 37 pasa a se-lo artigo 36.
- O artigo 38 pasa a se-lo artigo 37.
- O artigo 40 pasa a se-lo artigo 39.
- O artigo 44 pasa a se-lo artigo 43.
- O artigo 46 pasa a se-lo artigo 45.
- O artigo 49 pasa a se-lo artigo 48.

**Artigo cuarto.**

Modifícanse os contidos e a denominación dos títulos que se relacionan, quedando redactados da seguinte forma:

- a) Título preliminar. Contén desde o artigo 1 ata o artigo 7, inclusive.
- b) Título I: «Da organización institucional da Comunidade de Madrid». Contén desde o artigo 8 ata o artigo 25, ámbolos dous incluídos.

**Artigo quinto.**

Modifícanse os capítulos do título I, que adoptarán a seguinte denominación:

- Capítulo III: «Da Asemblea de Madrid».
- Capítulo III: «Do Presidente».
- Capítulo III: «Do Goberno».

**Disposición derradeira única.**

A presente lei entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei orgánica.

Madrid, 7 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno,  
JOSÉ MARÍA AZNAR LÓPEZ

**16303** LEI 23/1998, do 7 de xullo, de cooperación internacional para o desenvolvemento. («BOE» 162, do 8-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

A tódolos que a viren e a entenderen sabede que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

I

**Antecedentes**

A política española de cooperación para o desenvolvemento ten basicamente a súa orixe na declaración contida no preámbulo da Constitución de 1978, na que a Nación española proclama a súa vontade de colaborar no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre tódolos pobos da Terra.

A política de cooperación internacional para o desenvolvemento constitúe un aspecto fundamental da acción exterior dos Estados democráticos en relación con aqueles países que non acadaron o mesmo nivel de desenvolvemento, baseada nunha concepción interdependente e solidaria da sociedade internacional e das relacións que nela se desenvolven.

A esta concepción da interdependencia nas relacións internacionais e da necesidade dunha política de cooperación internacional para o desenvolvemento responde especificamente o mandato contido no preámbulo da Constitución española de contribuir no fortalecemento dunhas relacións pacíficas e de eficaz cooperación entre tódolos pobos da Terra.

A partir de que España deixara de ser considerada en 1981 como país receptor de axuda internacional, a progresiva formulación e posta en práctica desta política tivo que ter en conta feitos relevantes, como son, entre outros, o ingreso de España nos distintos bancos rexionais de desenvolvemento (Banco Interamericano, Banco Africano e Banco Asiático), complementados pola nosa participación en todos aqueles organismos de carácter económico e financeiro dedicados á cooperación para o desenvolvemento, en particular os fondos e programas da Unión Europea. Por outra parte, a creación, polo Real decreto-lei 16/1976, do 24 de agosto, do fondo de axuda ó desenvolvemento constitúe un instrumento da maior importancia dentro da cooperación bilateral de España con países menos desenvolvidos.

Con esta perspectiva, á que se sumaban as actividades do Ministerio de Asuntos Exteriores en materia de cooperación para o desenvolvemento, tanto o informe

sobre a cooperación internacional en España, elaborado pola Comisión de Asuntos Exteriores do Senado, como a subseguinte moción sobre cooperación internacional de España para o desenvolvemento, aprobada polo Pleno da dita cámara en 1984, supuxeron un punto de arranque, a partir do cal se abordou primeiramente a tarefa de defini-la estrutura orgánica da cooperación para o desenvolvemento.

O Real decreto 1485/1985, do 28 de agosto, polo que se estableceu a estrutura orgánica básica do Ministerio de Asuntos Exteriores, creou a Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, da que pasaron a depender todos aqueles centros directivos e organismos autónomos encargados das relacións culturais e económicas e da cooperación científica e técnica. Posteriormente, o Real decreto 451/1986, do 21 de febreiro, creou a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional, como órgano de apoio á coordinación da Administración do Estado na materia.

Coa finalidade de reconducir a dispersión de competencias que caracterizaba a nosa cooperación para o desenvolvemento, mediante o Real decreto 1527/1988, do 11 de novembro, creouse a Axencia Española de Cooperación Internacional, organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Asuntos Exteriores, no que se concentraron as competencias relativas á cooperación bilateral cos países en vías de desenvolvemento, ata daquela fragmentariamente, atribuídas a diversos órganos. Esta mesma norma creou a Oficina de Planificación e Avaliación, unidade dependente directamente do secretario de Estado, encargada da planificación e avaliación do noso programa de axuda ó desenvolvemento, en particular da elaboración e supervisión dos plans anuais de cooperación internacional.

Máis recentemente, introducíronse unha serie de cambios de diverso alcance no que se refire á estrutura orgánica da cooperación para o desenvolvemento. Así, mediante o Real decreto 1141/1996, do 24 de maio, reestructurouse a Axencia Española de Cooperación Internacional, completándose desta forma a modificación xa realizada polo Real decreto 2492/1994, do 23 de decembro, que refundiu os tres institutos con rango de dirección xeral nos dous actuais, o Instituto de Cooperación Iberoamericana e o Instituto de Cooperación co Mundo Árabe, Mediterráneo e Países en Desenvolvemento.

Pola súa parte, o Real decreto 795/1995, do 19 de maio, en cumprimento do disposto na disposición adicional vixésimo novena da Lei 42/1994, do 30 de decembro, creou o Consello de Cooperación para o Desenvolvemento, como órgano de participación dos diversos axentes sociais implicados nesta materia.

Ó mesmo tempo que se definía a súa estrutura orgánica, as liñas directrices da política española para a cooperación para o desenvolvemento, aprobadas polo Consello de Ministros en decembro de 1987, estableceron, por vez primeira, os principios rectores, os obxectivos, os fins, os medios e os instrumentos da nosa cooperación internacional para o desenvolvemento. O ingreso de España no Comité de Axuda ó Desenvolvemento da OCDE, en decembro de 1991, constitúe un fito na consolidación da nosa cooperación para o desenvolvemento, en canto nos obriga a adaptala e a coordinala coa dos principais doadores do mundo, membros do comité.

Consecuentemente, o Congreso dos Deputados, no seu informe sobre os obxectivos e liñas xerais da política española de cooperación e axuda ó desenvolvemento, aprobado polo Pleno da Cámara en novembro de 1992, ademais de marca-las pautas da nova política española de cooperación e axuda ó desenvolvemento, sinalou a necesidade de aprobar un conxunto normativo adecuado ó futuro modelo de cooperación e de adoptar unha serie

de medidas de organización administrativa que axudasen a mellora-la coordinación interna da Administración do Estado neste ámbito de actuación. Neste mesmo sentido pronunciouse o Comité de Axuda ó Desenvolvemento con ocasión do exame do programa de axuda español que realizou en abril de 1994, ó suxerir, entre outros aspectos, a conveniencia de maiores avances no desenvolvemento da lexislación apropiada, unha coordinación máis axustada, unha mellor capacidade para a planificación a longo prazo e unha programación da axuda máis centralizada.

Por último, o Senado, no informe da Ponencia de Estudio da Política Española de Cooperación para o Desenvolvemento, de novembro de 1994, expresou de novo a recomendación de que se procedese a elabora-la lexislación que suplirse o baleiro normativo existente e que abordase os principais problemas da cooperación española para o desenvolvemento.

## II

### Estado actual da cooperación

Nos últimos anos, a cooperación española experimentou un desenvolvemento extraordinario no tocante ó incremento dos recursos destinados a este fin e ó impulso por parte de tódalas administracións públicas, Administración central, comunidades autónomas e corporacións locais, entre a sociedade civil dos valores da cooperación e solidariedade internacional a través de programas e proxectos de sensibilización e concienciación dos cidadáns en relación cos problemas globais e particulares relacionados coa cooperación ó desenvolvemento, incluíndo o obxectivo fixado por Nacións Unidas de destinalo 1 por 100 do PIB ós países en vías de desenvolvemento.

Emporiso, o aumento dos fondos dedicados a cooperación, mostra da solidariedade de España e en boa medida propiciado pola crecente sensibilización do conxunto da sociedade, non debe oculta-las graves disfuncionalidades que en ocasións veu padecendo o noso programa de axuda.

A adopción dunha lei de cooperación supón a oportunidade de articular nun único texto o conxunto de medidas e instrumentos que foron configurando a nosa política de cooperación ó desenvolvemento. Pero xunto a este esforzo de integración normativa, de codificación, cómpre tamén revisar e actualiza-lo marco hoxe existente co fin de responder de maneira adecuada a unha realidade cambiante. O mesmo cabe dicir dos principios e obxectivos que inspiran a nosa política de cooperación ó desenvolvemento, que precisan unha definición acorde cos retos actuais do desenvolvemento. O mesmo tempo, a Lei de cooperación non pode eludi-los problemas que presenta o marco actual: rixidez excesiva nos procedementos administrativos, necesidade dunha maior transparencia, mecanismos de avaliación obxectivables, etc.

O alto número de institucións e entidades participantes na política de cooperación propiciou o desenvolvemento dun programa de axuda desconcentrado e descentralizado e onde é preciso acada-la adecuada colaboración, complementariedade e coordinación entre as diferentes administracións públicas e os diferentes actores da cooperación, capaz de asegurar e garanti-la maior eficacia e coherencia do propio programa de axuda.

Por outra parte, o consenso básico que debe estar na base da política de cooperación internacional para o desenvolvemento só se pode lograr mediante a activa implicación nela dos diversos axentes sociais operativos, con especial mención das organizacións non-gobernamentais, reconducindo a un esquema eficaz e coherente

dos diversos esforzos a favor do desenvolvemento que realiza España.

Esta necesidade de xuntar vontades fai imprescindible que o Parlamento participe na formulación das liñas esenciais e na definición das prioridades estratéxicas desta política. Analogamente, o órgano de goberno competente para coordina-la política de cooperación debe dispoñer de suficiente rango, medios e atribucións para garantir unha mellor sintonía de tódolos axentes administrativos actuantes no logro dos obxectivos fixados para coordina-la presenza de España nos organismos internacionais relacionados coa axuda ó desenvolvemento e para elaborar, coa participación dos diversos axentes implicados, os criterios adecuados dirixidos ó establecemento dunha política eficaz e coherente de desenvolvemento, que se plasmarán na planificación plurianual que é presentada ó Congreso dos Deputados trala súa aprobación polo Goberno.

A este respecto cabe afirmar que a planificación, xunto co seguimento e a avaliación da cooperación, require dotarse de instrumentos que permitan non só valora-la programación e asignación adecuada dos recursos e a súa debida xestión, senón tamén a eficacia dos criterios adoptados. O principal mecanismo de planificación, o Plan Anual de Cooperación Internacional, limitouse a servir como instrumento estatístico, centrado na estimación cuantitativa dos recursos destinados á cooperación, máis ca como un auténtico plan válido para sinalar con antelación os obxectivos e resultados que esta política debe acadar. Resulta, por tanto, necesario establece-las bases para planificar, a medio e a curto prazo, o noso programa de axuda, incluíndo na planificación a variada gama de axentes que participan na cooperación para o desenvolvemento española.

A carón destes dous aspectos da política de cooperación para o desenvolvemento hai outros dous aspectos que tamén demandan atención preferente, e que a presente lei recolle, relativos á definición dos obxectivos e prioridades da cooperación pública española, as súas modalidades e instrumentos, un dos cales é a creación de novas modalidades crediticias xestionadas polo Ministerio de Asuntos Exteriores, o persoal de cooperación, a definición das organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento, o recoñecemento do réxime fiscal especial aplicable a esas organizacións e ás achegas efectuadas a elas, así como un tratamento orzamentario específico para a cooperación, no que se considera a posibilidade de adquirir compromisos de gastos de carácter plurianual naqueles programas de cooperación que así o requiran.

### III

#### Estructura da lei

A presente Lei de cooperación internacional para o desenvolvemento organízase arredor de seis eixes fundamentais, que constitúen os seis capítulos en que se integra o seu articulado. O capítulo I, dedicado á política española de cooperación para o desenvolvemento, consagra, na súa sección 1.<sup>a</sup>, o réxime xurídico, definíndose no artigo 1 o obxecto da lei e o seu ámbito de aplicación, e na sección 2.<sup>a</sup> establécense os principios, obxectivos e prioridades da política española de cooperación para o desenvolvemento. O capítulo II refírese á planificación e, incluíndo os instrumentos e modalidades da cooperación pública española, recolle entre aqueles a cooperación técnica e a económico-financiera e distingue entre estas a canalizada por vía bilateral ou multilateral.

Dedícase o capítulo III á atribución de competencias dos órganos operativos na definición, formulación e execución da política española de cooperación para o desen-

volveremento, e recóllese na sección 1.<sup>a</sup> os órganos rectores (Congreso dos Deputados, Goberno, Ministro de Asuntos Exteriores, outros ministerios e Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica), e na sección 3.<sup>a</sup>, os órganos consultivos e de coordinación (Consello de Cooperación para o Desenvolvemento, Comisión Interministerial de Cooperación Internacional e Comisión Interterritorial de Cooperación, instancia esta última creada pola propia lei e que, o mesmo cós outros dous órganos e de acordo co sinalado no artigo 21, será obxecto posterior de desenvolvemento normativo). A sección 4.<sup>a</sup>, dedicada ós órganos executivos, refírese á Axencia Española de Cooperación Internacional, da que a organización, fins, funcións e competencias se regulan pola súa propia norma específica, e ás Oficinas Técnicas de Cooperación. No capítulo IV recóllese os recursos materiais asignados á execución da política española de cooperación, distinguíndose entre os canalizados multilateral e bilateralmente. A disposición adicional primeira inclúe a posibilidade de establecer programas orzamentarios plurianuais. O capítulo V dedícase ó persoal ó servizo da Administración do Estado no ámbito da cooperación oficial para o desenvolvemento, distinguíndose entre persoal en territorio nacional e o destacado no exterior.

Finalmente, no capítulo VI, a lei aborda o contexto social da cooperación, dedicándose a sección 1.<sup>a</sup> á cooperación non-gobernamental, incluíndo a formulación do principio de fomento estatal da cooperación non-gobernamental, a definición das organizacións privadas de cooperación para o desenvolvemento e o seu rexistro público, os sistemas de axudas e subvencións, regulamentos a través da súa propia normativa específica, e o establecemento de incentivos fiscais.

No que atinxe á regulación do réxime fiscal das organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento e dos incentivos aplicables ás achegas efectuadas a elas, a lei prevé que se lles aplique o réxime estipulado no título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, de fundacións e de incentivos fiscais á participación privada en actividades de interese xeral, sempre que as citadas organizacións revistan a forma xurídica e cumpran cos requisitos esixidos por esa norma.

No ámbito do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados e do imposto sobre o valor engadido introdúcense dous preceptos específicos que dan entrada á aplicación de determinadas exencións ás actividades de cooperación para o desenvolvemento. No tocante ás achegas efectuadas por persoas físicas e xurídicas a organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento, a lei recolle a posibilidade de aplicarlos incentivos previstos na Lei 30/1994, do 24 de novembro, sempre que esas achegas cumpran coas condicións esixidas na devandita lei e que se efectúen en favor de entidades incluídas no seu ámbito de aplicación. Adicionalmente prevese que as actividades de cooperación ó desenvolvemento poidan ser incluídas nas leis de orzamentos xerais do Estado de cada ano entre as actividades e programas prioritarios de mecenado, para efectos da aplicación das achegas que se efectúen de incentivos fiscais incrementados.

A sección 2.<sup>a</sup> dedícase ó voluntariado ó servizo da cooperación para o desenvolvemento, a 3.<sup>a</sup> refírese ós cooperantes e a regulación do seu estatuto e a 4.<sup>a</sup> establece e regula, con carácter xeral, o fomento da participación social na cooperación para o desenvolvemento. A lei céntrase con dúas disposicións adicionais, dúas transitorias, unha derogatoria e tres derradeiras.

## CAPÍTULO I

**A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento**SECCIÓN 1.<sup>a</sup>**Artigo 1. *Obxecto da lei e ámbito de aplicación.***

1. Esta lei ten como obxecto a regulación do réxime xurídico da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Intégrase dentro da cooperación internacional para o desenvolvemento o conxunto de recursos e capacidades que España pon ó dispor dos países en vías de desenvolvemento, co fin de facilitar e impulsa-lo seu progreso económico e social, e para contribuír a erradica-la pobreza no mundo en tódalas súas manifestacións.

A cooperación española impulsará procesos de desenvolvemento que atendan a defensa e protección dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, as necesidades de benestar económico e social, a sosti-bilidade e rexeneración do medio ambiente, nos países que teñen elevados niveis de pobreza e naqueles que se encontran en transición cara á plena consolidación das súas institucións democráticas e a súa inserción na economía internacional.

2. En consecuencia, esta lei aplícase ó conxunto de actividades que se traducen en transferencias de recursos públicos materiais e humanos que a Administración xeral do Estado, en por si ou en colaboración con entidades privadas, destina ós países en vías de desenvolvemento directamente ou a través de organizacións multilaterais.

Así mesmo, establece os principios, obxectivos e prioridades da política de cooperación internacional para o desenvolvemento do conxunto das administracións públicas españolas e os sistemas de relación e colaboración entre as ditas administracións públicas.

Para que os ditos recursos teñan a consideración de axuda oficial ó desenvolvemento (AOD), deberán cumprirlos requisitos marcados polo Comité de Axuda ó Desenvolvemento da OCDE (CAD).

SECCIÓN 2.<sup>a</sup>***Principios, obxectivos e prioridades da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento*****Artigo 2. *Principios.***

A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, inspirada na Constitución, expresa a solidariedade do pobo español cos países en desenvolvemento e, particularmente, cos pobos máis desfavorecidos doutras nacións e baséase nun amplo consenso político e social a escala nacional, de acordo cos seguintes principios:

a) O recoñecemento do ser humano na súa dimensión individual e colectiva, como protagonista e destinatario último da política de cooperación para o desenvolvemento.

b) A defensa e promoción dos dereitos humanos e as liberdades fundamentais, a paz, a democracia e a participación cidadá en condicións de igualdade para mulleres e homes e, en xeral, a non-discriminación por razón de sexo, raza, cultura ou relixión, e o respecto á diversidade.

c) A necesidade de promover un desenvolvemento humano global, interdependente, participativo, sostible e con equidade de xénero en tódalas nacións, procurando a aplicación do principio de corresponsabilidade

entre os estados, co fin de asegurar e potencia-la eficacia e coherencia das políticas de cooperación ó desenvolvemento no seu obxectivo de erradica-la pobreza no mundo.

d) A promoción dun crecemento económico duradeiro e sostible dos países acompañada de medidas que promovan unha redistribución equitativa da riqueza para favorece-la mellora das condicións de vida e o acceso ós servizos sanitarios, educativos e culturais, así como o benestar das súas poboacións.

e) O respecto ós compromisos adoptados no seo dos organismos internacionais.

**Artigo 3. *Obxectivos.***

A política de cooperación internacional para o desenvolvemento é parte da acción exterior do Estado e baséase no principio de unidade de acción do Estado no exterior.

O principio de unidade de acción do Estado no exterior aplicarase conforme a normativa vixente e no marco das competencias das distintas administracións públicas.

A política de cooperación internacional para o desenvolvemento determinará estratexias e accións dirixidas á promoción do desenvolvemento sostible humano, social e económico para contribuír á erradicación da pobreza no mundo a través dos seguintes obxectivos:

a) Fomentar con recursos humanos e materiais o desenvolvemento dos países máis desfavorecidos para que poidan acadar un crecemento económico cun reparto máis equitativo dos froitos do desenvolvemento, favorecendo as condicións para o logro dun desenvolvemento autosostido a partir das propias capacidades dos beneficiarios, propiciando unha mellora no nivel de vida das poboacións beneficiarias, en xeral, e das súas camadas máis necesitadas, en particular, e promovendo maiores garantías de estabilidade e participación democrática no marco do respecto ós dereitos humanos e ás liberdades fundamentais de mulleres e homes.

b) Contribuír a un maior equilibrio nas relacións políticas, estratéxicas, económicas e comerciais, promovendo así un marco de estabilidade e seguridade que garanta a paz internacional.

c) Previr e atender situacións de emerxencia mediante a prestación de accións de axuda humanitaria.

d) Favorece-la instauración e consolidación dos réximes democráticos e o respecto dos dereitos humanos e das liberdades fundamentais.

e) Impulsa-las relacións políticas, económicas e culturais cos países en vías de desenvolvemento, desde a coherencia cos principios e demais obxectivos da cooperación.

**Artigo 4. *Principio de coherencia.***

Os principios e obxectivos sinalados nos artigos anteriores informarán tódalas políticas que apliquen as administracións públicas no marco das súas respectivas competencias e que poidan afecta-los países en vías de desenvolvemento.

**Artigo 5. *Prioridades.***

A política española de cooperación para o desenvolvemento, como reflexo da diversidade de situacións sobre as que opera e do diferente grao de urxencia para acomete-las accións de intervención concretas, artéllase arredor de dous eixes de prioridades que determinarán as súas liñas de actuación preferente:

a) Xeográficas, orientadas ás rexións e países que serán obxecto preferente da cooperación española.

b) Sectoriais, dirixidas a determinados ámbitos de actuación preferente.

A definición destas prioridades, que serán establecidas periodicamente nos sucesivos plans directores cuatrienais a que se refire o artigo 8, responderá ós obxectivos da política exterior do Estado, terá en conta as consideracións sinaladas no artigo anterior, e aplicará especial atención á cooperación cos países de menor desenvolvemento económico e social, e dentro destes ós sectores máis desfavorecidos.

#### Artigo 6. *Prioridades xeográficas.*

1. Marco bilateral. Sen prexuízo do establecemento doutras áreas territoriais segundo o establecido no artigo 5, consideraranse como áreas xeográficas de actuación preferente os países de Iberoamérica, os países árabes do norte de África e de Oriente Medio, así como aqueles outros de menor desenvolvemento cos que España manteña especiais vínculos de carácter histórico ou cultural.

2. Marco multilateral. España impulsará a coherencia das políticas comunitarias, a progresiva construción da política de cooperación ó desenvolvemento da Unión Europea e contribuirá á súa eficaz aplicación e execución, con especial atención ós países e áreas mencionadas no punto anterior.

Por outra parte, España participará activamente nos organismos internacionais de cooperación para o desenvolvemento dos que sexa membro, tanto financeiros como non financeiros, e colaborará na consecución dos seus obxectivos adoptando as medidas que resulten máis adecuadas.

#### Artigo 7. *Prioridades sectoriais.*

A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, no seu obxectivo de loitar contra a pobreza en tódalas súas manifestacións, orientarase especialmente ás seguintes prioridades sectoriais:

a) Servicios sociais básicos, con especial incidencia en saúde, saneamento, educación, obtención da seguridade alimentaria e formación de recursos humanos.

b) Dotación, mellora ou ampliación de infraestruturas. Desenvolvemento da base productiva e fomento do sector privado.

c) Protección e respecto dos dereitos humanos, igualdade de oportunidades, participación e integración social da muller e defensa dos grupos de poboación máis vulnerables (menores, con especial atención á erradicación da explotación laboral infantil, refuxiados, desprazados, retornados, indíxenas, minorías).

d) Fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil e apoio ás institucións, especialmente as máis próximas ó cidadán.

e) Protección e mellora da calidade do ambiente, conservación racional e utilización renovable e sostible da biodiversidade.

f) Cultura, con especial incidencia na defensa dos aspectos que definan a identidade cultural dirixida ó desenvolvemento endógeno e os que favorezan a promoción cultural e o libre acceso a equipamentos e servizos culturais de tódolos sectores da poboación potencialmente beneficiaria.

g) desenvolvemento da investigación científica e tecnolóxica e a súa aplicación ós proxectos de cooperación para o desenvolvemento.

## CAPÍTULO II

### Planificación, instrumentos e modalidades da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento

#### Artigo 8. *Planificación.*

1. A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento establecerase a través de plans directores e plans anuais.

2. O Plan Director, elemento básico da planificación da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, formularase cuatrienalmente e conterá as liñas xerais e as directrices básicas da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, sinalando os obxectivos e prioridades, así como os recursos orzamentarios indicativos que orientarán a actuación da cooperación española durante ese período, incorporando os documentos de estratexia relativos a cada sector da cooperación, zona xeográfica e países que sexan obxecto preferente da cooperación.

3. Os plans anuais desenvolverán con esa periodicidade os obxectivos, prioridades e recursos establecidos no Plan Director.

#### Artigo 9. *Instrumentos.*

A política española de cooperación internacional para o desenvolvemento ponse en práctica a través dos seguintes instrumentos:

a) Cooperación técnica.

b) Cooperación económica e financeira.

c) Axuda humanitaria, tanto alimentaria como de emerxencia, incluíndo operacións de mantemento da paz, instrumentada por medio de acordos bilaterais ou multilaterais.

d) Educación para o desenvolvemento e sensibilización social.

#### Artigo 10. *Cooperación técnica.*

A cooperación técnica para o desenvolvemento inclúe calquera modalidade de asistencia dirixida á formación de recursos humanos do país receptor, mellorando os seus niveis de instrucción, adestramento, cualificación e capacidades técnicas e productivas nos ámbitos institucional, administrativo, económico, sanitario, social, cultural, educativo, científico ou tecnolóxico.

A cooperación técnica artículase mediante programas e proxectos de reforzo de formación e capacitación en tódolos sectores e niveis, e mediante programas e proxectos de asesoramento técnico con asistencia de expertos, axentes sociais, organizacións non-gobernamentais, empresas españolas, achega de estudos ou transferencia de tecnoloxías.

#### Artigo 11. *Cooperación económica e financeira.*

A cooperación económica exprésase a través de achegas destinadas a proxectos de investimento para o aumento do capital físico dos países beneficiarios e a proxectos de axuda ós sectores económicos (agroalimentario, educativo, sanitario, infraestruturas, transporte e outros).

A cooperación financeira maniféstase a través de contribucións oficiais a organismos internacionais de carácter económico e financeiro, acordos financeiros de alivio ou condonación de débeda subscritos por vía bilateral

ou multilateral, doazóns, préstamos ou axudas instrumentadas para que os países receptores poidan afrontar dificultades conxunturais de axuste nas súas balanzas de pagamentos, e os establecidos en termos concesionais ós que se refire o artigo 28, así como dotacións ós xa existentes fondos de axuda ó equipamento, xestionados directamente pola Axencia Española de Cooperación Internacional con cargo ó seu propio orzamento.

#### Artigo 12. *Axuda humanitaria.*

A axuda humanitaria consiste no envío urxente, con carácter non discriminado, do material de socorro necesario, incluída a axuda alimentaria de emerxencia, para protexer vidas humanas e aliviar a situación das poboacións vítimas de catástrofe natural ou causadas polo home ou que padecen unha situación de conflito bélico. Esta axuda lévana a cabo as administracións públicas directamente ou a través de organizacións non-gobernamentais e organismos internacionais.

A axuda humanitaria poderá dar paso a actividades de rehabilitación, de reconstrucción de infraestructuras, restablecemento institucional ou de reinserción de poboacións afectadas, debendo promoverse a maior coordinación posible entre as entidades que colaboren e respecto das institucións ou organizacións locais, co fin de ter en conta os obxectivos do desenvolvemento a medio e longo prazo. Este instrumento inclúe, así mesmo, a achega de produtos alimenticios e de implementos e insumos agrícolas a países en desenvolvemento con problemas de insuficiencia alimentaria, co fin de potencia-lo seu autoabastecemento e garanti-la súa seguridade alimentaria, como base do seu proceso de desenvolvemento.

A cooperación española promoverá o respecto ó dereito humanitario e así mesmo apoiará neste ámbito medidas para a prevención e resolución de conflitos, incluíndo as operacións de mantemento e consolidación da paz, instrumentadas por medio de acordos bilaterais ou multilaterais.

#### Artigo 13. *Educación para o desenvolvemento e sensibilización social.*

Enténdese por educación para o desenvolvemento e sensibilización social o conxunto de accións que desenvolven as administracións públicas, directamente ou en colaboración coas organizacións non-gobernamentais para o desenvolvemento, para promoveren actividades que favorezan unha mellor percepción da sociedade cara ós problemas que afectan os países en desenvolvemento e que estimulen a solidariedade e cooperación activas con eles, pola vía de campañas de divulgación, servicios de información, programas formativos, apoio ás iniciativas en favor dun comercio xusto e consumo responsable respecto dos produtos procedentes dos países en desenvolvemento.

#### Artigo 14. *Modalidades.*

1. Os programas, proxectos e accións de cooperación para o desenvolvemento poden financiarse e executarse de forma bilateral ou multilateral.

2. A cooperación bilateral consiste no conxunto de actividades de cooperación para o desenvolvemento realizadas polas administracións públicas directamente co país receptor ou ben as instrumentadas a través de organizacións de desenvolvemento desprovistas de carácter oficial.

3. A cooperación multilateral é a realizada a través de transaccións de calquera tipo ou as contribucións realizadas a organizacións internacionais que dirixan as súas actividades, total ou parcialmente, á promoción do benestar económico e social das poboacións dos países en vías de desenvolvemento.

O carácter multilateral das devanditas organizacións determinarase a través da aplicación dos seguintes criterios:

- a) Que se trate dunha axencia, institución ou organización nas que os membros son gobernos.
- b) Que sexa un fondo xestionado de forma autónoma por un dos órganos multilaterais comprendidos na alínea a).

### CAPÍTULO III

#### **Órganos competentes na formulación e execución da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento**

##### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### *Órganos rectores*

#### Artigo 15. *O Congreso dos Deputados.*

1. Ó Congreso dos Deputados correspóndelle establecer cada catro anos, na forma e modo en que se determine e por proposta e iniciativa do Goberno, as liñas xerais e as directrices básicas da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Para tal efecto, o Goberno remitiralle ó Congreso dos Deputados, posteriormente á súa aprobación, o Plan Director Plurianual ó que se refire o artigo 8 para o seu debate e dictame.

2. O Congreso dos Deputados debaterá anualmente, na forma e modo en que se determine e por proposta e iniciativa do Goberno, a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento. Para tal efecto, o Goberno remitiralle á Cámara, posteriormente á súa aprobación, o Plan Anual ó que se refire o artigo 8 para o seu debate e dictame.

3. Constituirase unha comisión parlamentaria de cooperación internacional para o desenvolvemento no Congreso dos Deputados, de conformidade co que dispoña o Regulamento da Cámara. Esta comisión será informada polo Goberno do nivel de execución e do grao de cumprimento dos programas, proxectos e accións comprendidos no Plan Director e no Plan Anual, e recibirá conta da avaliación da cooperación, así como dos resultados que reflita o documento de seguimento do Plan Anual do exercicio precedente.

#### Artigo 16. *O Goberno.*

O Goberno define e dirixe a política española de cooperación internacional para o desenvolvemento.

Por proposta do ministro de Asuntos Exteriores, o Goberno aproba o Plan Director e o Plan Anual.

#### Artigo 17. *O ministro de Asuntos Exteriores.*

O ministro de Asuntos Exteriores, responsable da execución da política exterior do Estado, é tamén o responsable da dirección da política de cooperación internacional para o desenvolvemento e da coordinación dos órganos da Administración xeral do Estado que, no ámbito da súas competencias, realicen actuacións nesta materia con observancia do principio de unidade de acción no exterior.

## Artigo 18. *Outros ministerios.*

Os ministerios que realicen actividades en materias de cooperación internacional para o desenvolvemento serán responsables da execución dos programas, proxectos e accións dentro do ámbito das súas competencias, que serán coordinadas a través dos órganos establecidos para o efecto nesta lei, con observancia do principio da unidade de acción do Estado no exterior.

## Artigo 19. *A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica (SECIPI).*

1. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica é o órgano do Ministerio de Asuntos Exteriores que, por delegación do seu titular, coordina a política de cooperación para o desenvolvemento, administra os recursos a que se refire o artigo 28.1, asegura a participación española nas organizacións internacionais de axuda ó desenvolvemento e define a posición de España na formulación da política comunitaria de desenvolvemento.

2. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, como órgano superior do Ministerio de Asuntos Exteriores, asiste o titular do Departamento na formulación e execución da política de cooperación para o desenvolvemento e asume a programación, dirección, seguimento e control das actividades conseguintes.

3. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, logo de dictame do Consello de Cooperación ó Desenvolvemento e da Comisión Interterritorial de Cooperación, formula a proposta do Plan Director e do Plan Anual, así como a definición das prioridades territoriais e sectoriais a que se refire o artigo 5.

4. A Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica avaliará a política de cooperación para o desenvolvemento, os programas e proxectos financiados con fondos do Estado en curso de execución e os finalizados, desde a súa concepción e definición ata os seus resultados. A avaliación terá en conta a pertinencia dos obxectivos e o seu grao de consecución, así como a eficiencia e eficacia acadadas, o impacto logrado e a viabilidade comprobada nos programas e proxectos xa finalizados.

### SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

#### *Comunidades autónomas e entidades locais*

## Artigo 20. *Cooperación para o desenvolvemento das comunidades autónomas e entidades locais.*

1. A cooperación para o desenvolvemento que se realice desde as comunidades autónomas e as entidades locais, expresión solidaria das súas respectivas sociedades, inspírase nos principios obxectivos e prioridades establecidas na sección 2.<sup>a</sup> do capítulo I da presente lei.

2. A acción das citadas entidades na cooperación para o desenvolvemento baséase nos principios de autonomía orzamentaria e autorresponsabilidade no seu desenvolvemento e execución, debendo respectar as liñas xerais e as directrices básicas establecidas polo Congreso dos Deputados a que se refire o artigo 15.1 da presente lei e o principio de colaboración entre administracións públicas en canto ó acceso e participación da información e máximo aproveitamento dos recursos públicos.

### SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

#### *Órganos consultivos e de coordinación*

## Artigo 21. *Órganos consultivos e de coordinación de cooperación para o desenvolvemento.*

Os órganos consultivos e de coordinación de cooperación para o desenvolvemento son:

- a) O Consello de Cooperación ó Desenvolvemento.
- b) A Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento.
- c) A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

A súa composición, competencias, organización e funcións establécense polas correspondentes normas de desenvolvemento regulamentario.

## Artigo 22. *O Consello de Cooperación ó Desenvolvemento.*

1. O Consello de Cooperación ó Desenvolvemento é o órgano consultivo da Administración xeral do Estado e de participación na definición da política de cooperación internacional para o desenvolvemento.

2. No Consello de Cooperación ó Desenvolvemento, ademais da Administración, participarán os axentes sociais, os expertos, as organizacións non-gobernamentais especializadas e as institucións e organismos de carácter privado presentes no campo da axuda ó desenvolvemento.

3. O Consello de Cooperación ó Desenvolvemento emitirá informe sobre a proposta do Plan Director do Plan Anual e coñecerá os resultados do documento de seguimento do Plan Anual e da avaliación da cooperación.

4. Someteranse a informe previo do Consello os anteproxectos de lei e as outras disposicións xerais da Administración do Estado que regulen materias concernentes á cooperación para o desenvolvemento. Destes informes daráselle coñecemento á Comisión de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento do Congreso dos Deputados.

5. O Consello de Cooperación ó Desenvolvemento será dotado cos recursos necesarios para poder cumprir os seus obxectivos.

## Artigo 23. *A Comisión Interterritorial de Cooperación para o Desenvolvemento.*

1. A Comisión Interterritorial de Cooperación é o órgano de coordinación, concertación e colaboración entre as administracións públicas que executen gastos computables como axuda oficial ó desenvolvemento.

2. As funcións da comisión dirixiranse a promover os seguintes obxectivos:

a) A coherencia e complementariedade das actividades que realicen as administracións públicas no ámbito da cooperación para o desenvolvemento.

b) O maior grao de eficacia e eficiencia na identificación, formulación e execución de programas e proxectos de cooperación ó desenvolvemento impulsados polas distintas administracións públicas, plenamente autónomas para eses efectos, no marco das súas respectivas competencias.

c) A participación das administracións públicas na formación do Plan Director e do Plan Anual, así como na definición das súas prioridades.

3. Regulamentariamente, regularase a súa composición e funcionamento, garantíndose a presenza e intervención das comunidades autónomas, das entidades

locais ou daquelas instancias de coordinación supramunicipal nas que estes expresamente deleguen.

**Artigo 24. *A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.***

1. A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional é o órgano de coordinación técnica interdepartamental da Administración xeral do Estado en materia de cooperación para o desenvolvemento.

2. A Comisión Interministerial de Cooperación Internacional someterá á aprobación do Goberno, a través do ministro de Asuntos Exteriores, as propostas do Plan Director e Plan Anual e coñecerá os resultados do documento de seguimento do Plan Anual e da avaliación da cooperación.

SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

*Órganos executivos*

**Artigo 25. *A Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI).***

1. A Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI), organismo autónomo adscrito ó Ministerio de Asuntos Exteriores, a través da Secretaría de Estado para a Cooperación Internacional e para Iberoamérica, e presidido polo seu titular, é o órgano de xestión da política española de cooperación internacional para o desenvolvemento, sen prexuízo das competencias asignadas a outros departamentos ministeriais.

2. O persoal ó servizo da Axencia Española de Cooperación Internacional estará integrado polos funcionarios públicos e polo persoal sometido a dereito laboral.

3. Os funcionarios das distintas administracións públicas que pasen a presta-los seus servizos na AECI quedarán na situación administrativa que corresponda de acordo coas normas aplicables á súa situación de procedencia. O sistema de cobertura de destinos por parte do persoal funcionario incluírá medidas que tendan a favorecer-la súa especialización en tarefas de cooperación.

3. En canto á súa organización, fins, funcións e competencias haberá que se ater ó que dispoña o seu estatuto, que será aprobado polo Goberno, conforme o previsto no artigo 62 da Lei de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

**Artigo 26. *As Oficinas Técnicas de Cooperación.***

As Oficinas Técnicas de Cooperación son unidades adscritas organicamente ás embaixadas que, baixo a dirección do seu xefe de misión e a dependencia funcional da Axencia Española de Cooperación Internacional, aseguran a coordinación e, se é o caso, a execución dos recursos da cooperación na súa demarcación. Así mesmo, colaborarán cos programas e proxectos impulsados polas demais administracións públicas.

CAPÍTULO IV

**Recursos materiais**

SECCIÓN ÚNICA

*Modalidades de financiamento e execución da cooperación internacional para o desenvolvemento*

**Artigo 27. *Colaboración e cofinanciamento de programas con organismos internacionais.***

1. O Goberno, co fin de coadjuvar ó desenvolvemento dos países menos favorecidos a través de orga-

nizacións internacionais, fomentará a participación dos axentes de cooperación nos programas e proxectos xestionados por esas instancias multilaterais, especialmente os da Unión Europea.

2. España participará na cooperación multilateral para o desenvolvemento a través das seguintes modalidades:

a) Contribucións a organizacións internacionais de carácter financeiro e non financeiro.

b) Achegas españolas ós programas de cooperación da Unión Europea.

c) Outros programas que se executen en colaboración ou en réxime de cofinanciamento con organismos internacionais.

**Artigo 28. *Financiamento e execución bilateral.***

A cooperación bilateral para o desenvolvemento finánciase segundo as seguintes modalidades:

1. Recursos xestionados polo Ministerio de Asuntos Exteriores, vinculados á execución de programas e proxectos de desenvolvemento social básico das poboacións beneficiarias, con cargo ós cales se instrumentarán:

Dotacións orzamentarias dirixidas á concesión de microcréditos e de créditos rotatorios destinados á mellora das condicións de vida de colectivos vulnerables e á execución de proxectos de desenvolvemento social básico.

Doazóns.

Os instrumentos previstos nas alíneas a), c) e d) do artigo 9.

2. Recursos xestionados polo Ministerio de Economía e Facenda, con cargo ós cales se instrumentarán créditos concesionais nos termos internacionais vixentes en materia de crédito á exportación con apoio oficial.

No caso de créditos destinados a programas e proxectos de desenvolvemento social básico e que estean especificamente destinados a mellora-las condicións de vida dos sectores máis necesitados da poboación, os recursos administraranse conxuntamente polos ministerios de Asuntos Exteriores e de Economía e Facenda, consonte a normativa que se elaborará en desenvolvemento da presente lei.

3. Estes recursos aplicaranse a programas e proxectos que se atean ós principios, obxectivos e prioridades que establece a presente lei, garantíndose, así mesmo, a súa adecuada instrumentación, o rigor e control na aplicación dos criterios de desenvolvemento para identificar e selecciona-los proxectos que se propoñan financiar a través destes créditos e promoveranse mecanismos que faciliten a súa adecuada coordinación cos programas de axuda non reembolsable, prestándolles especial atención ós países pobres altamente endebedados.

CAPÍTULO V

**Persoal ó servizo da Administración xeral do Estado no ámbito da cooperación oficial para o desenvolvemento**

**Artigo 29. *Persoal en territorio nacional.***

As actividades da Administración xeral do Estado realizadas en España no campo da cooperación para o desenvolvemento serán executadas por persoal funcionario en situación de servizo activo, conforme o previsto na Lei 30/1984, do 2 de agosto, de medidas para a reforma da función pública, e por persoal laboral da Administración do Estado, de acordo co regulado na súa normativa específica e sen prexuízo da participación de

obxectores de conciencia e de persoal voluntario, nos termos que establece a Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

#### Artigo 30. *Persoal no exterior.*

1. A Administración do Estado disporá de persoal destacado en servicios no exterior encargado da realización de funcións en materia de cooperación oficial para o desenvolvemento.

2. Os postos directivos poderán ser desempeñados por persoal contratado baixo unha relación de carácter especial das previstas no artigo 2.1.a) do Estatuto dos traballadores. A este persoal esixiráselle estar en posesión de titulación universitaria ou, se é o caso, acreditar unha importante experiencia na cooperación ó desenvolvemento, xunto cos requisitos que establece a correspondente convocatoria pública. Cando tales postos sexan ocupados por funcionarios, estes pasarán á situación administrativa que prevé o seu estatuto.

3. O persoal non directivo da cooperación oficial para o desenvolvemento poderá ser contratado nos países onde se realice a dita cooperación, de acordo co réxime xurídico local.

4. Así mesmo, na cooperación oficial para o desenvolvemento poderá prestar servicios persoal desprazado desde España por tempo determinado, que se rexerá polo Estatuto dos traballadores, no caso de que se trate de persoal laboral, ou quedará na situación administrativa que corresponda se se trata de persoal funcionario.

5. A Administración do Estado, coa finalidade de favorecer-la estabilidade do persoal de cooperación, establecerá regulamentariamente as condicións e prazos aplicables en relación co desempeño dos postos de traballo da cooperación do Estado no exterior.

6. O disposto nos puntos anteriores non exclúe a participación de obxectores de conciencia e de persoal voluntario nos programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento financiados pola Administración do Estado.

## CAPÍTULO VI

### A participación social na cooperación internacional para o desenvolvemento

#### SECCIÓN 1.<sup>a</sup>

##### *A cooperación non-gobernamental*

#### Artigo 31. *Fomento da cooperación para o desenvolvemento.*

O Estado fomentará as actividades das organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento e as súas asociacións para este fin, universidades, empresas, organizacións empresariais, sindicatos e outros axentes sociais que actúen neste ámbito, de acordo coa normativa vixente e a presente lei, atendendo ás prioridades definidas nos artigos 6 e 7.

#### Artigo 32. *As organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento.*

Para os efectos da presente lei considéranse organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento aquelas entidades de dereito privado, legalmente constituídas e sen fins de lucro, que teñan entre os seus fins ou como obxecto expreso, segundo os seus propios estatutos, a realización de actividades relacionadas cos principios e obxectivos da cooperación internacional para o desenvolvemento.

As organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento terán que gozar de plena capacidade xurídica e de obrar, e deberán dispoñer dunha estrutura susceptible de garantir suficientemente o cumprimento dos seus obxectivos.

#### Artigo 33. *Rexistro das organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento.*

1. As organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento que cumpran cos requisitos establecidos no artigo anterior poderanse inscribir nun rexistro aberto na Axencia Española de Cooperación Internacional, que será regulado por vía regulamentaria ou nos rexistros que con idéntica finalidade se poidan crear nas comunidades autónomas.

Articularanse os correspondentes procedementos de colaboración entre a Axencia Española de Cooperación Internacional e as comunidades autónomas co fin de asegura-la comunicación e homologación dos datos rexistrados.

2. A inscrición nalgún dos ditos rexistros constitúe unha condición indispensable para recibir das administracións públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, axudas ou subvencións computables como axuda oficial ó desenvolvemento. A dita inscrición será tamén necesaria para que as organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento poidan acceder ós incentivos fiscais a que se refire o artigo 35.

3. O Rexistro de Organizacións non-gobernamentais de Desenvolvemento ten carácter público, nos termos regulados polo artigo 37 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

#### Artigo 34. *Axudas e subvencións.*

As administracións públicas, dentro do ámbito das súas respectivas competencias, poderán conceder axudas e subvencións públicas e establecer convenios estables e outras formas de colaboración cos axentes sociais descritos no artigo 31 para a execución de programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento, establecendo as condicións e o réxime xurídico aplicables que garantirán, en todo caso, o carácter non lucrativo deles.

#### Artigo 35. *Réxime fiscal das organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento e das achegas efectuadas a elas.*

1. O réxime tributario das entidades sen fins lucrativos regulado no capítulo I do título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, resultará aplicable ás organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento inscritas nos rexistros a que se refire o artigo 33 da presente lei, sempre que revistan a forma xurídica e cumpran cos requisitos esixidos nel.

2. A exención subxectiva prevista no artigo 45.1.A.c) do Real decreto legislativo 1/1993, do 24 de setembro, polo que se aproba o texto refundido do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, resultará de aplicación ás entidades recollidas nel que realicen as actividades a que o dito precepto se refire no marco da cooperación ó desenvolvemento.

3. As actividades de cooperación para o desenvolvemento enumeradas no artigo 9 da presente lei teñen a consideración de actividades de asistencia social para efectos do goce da exención prevista no artigo 20, punto un, número 8.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido.

4. As achegas efectuadas por persoas físicas e xurídicas a organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento incluídas no ámbito da aplicación da Lei 30/1994, do 24 de novembro, darán dereito ó goce dos incentivos recollidos no capítulo II do título II da dita lei.

5. O réxime tributario aplicable ás organizacións non-gobernamentais de desenvolvemento, cando non cumpran os requisitos esixidos no capítulo I do título II da Lei 30/1994, do 24 de novembro, será o establecido no capítulo XV da Lei 43/1995, do 27 de decembro, reguladora do imposto sobre sociedades.

6. A presente regulación de incentivos fiscais enténdese sen prexuízo da que poidan establecer outras administracións públicas en virtude da normativa vixente e as súas competencias na materia.

#### Artigo 36. *Incremento ós incentivos fiscais nas leis de orzamentos.*

As leis de orzamentos do Estado de cada ano poderán incluír entre as actividades e programas prioritarios de mecenado a que se refire o artigo 67 da Lei 30/1994, do 24 de novembro, determinadas actividades ou programas realizados no marco da cooperación para o desenvolvemento, para efectos da aplicación dos incentivos fiscais incrementados que o dito precepto recolle.

#### SECCIÓN 2.<sup>a</sup>

##### *O voluntariado*

#### Artigo 37. *O voluntariado ó servizo da cooperación para o desenvolvemento.*

1. Na xestión ou execución de programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento a cargo de entidades públicas ou privadas españolas sen ánimo de lucro poderán participar voluntarios que executen as súas actividades a través delas.

2. Os voluntarios de cooperación para o desenvolvemento deberán ser informados, pola organización á que estean vinculados, dos obxectivos da súa actuación, do marco en que se produce, dos seus dereitos e deberes contractuais e legais no estranxeiro, do seu dereito á acreditación oportuna, así como da súa obriga de respectar as leis do país de destino.

3. Os voluntarios de cooperación para o desenvolvemento estarán vinculados á organización na que presen os seus servizos por medio dun contrato non laboral que recolle como mínimo:

- a) Os recursos necesarios para facer fronte ás súas necesidades básicas no país de destino.
- b) Un seguro de asistencia en favor do voluntario que en todo caso cubra os riscos de enfermidade e accidente durante o período da súa estadía no estranxeiro e gastos de repatriación.
- c) Un período de formación, se fose necesario.

4. Os voluntarios de cooperación para o desenvolvemento terán dereito ás exencións fiscais, inmunidades e privilexios que se establecen nos acordos internacionais sobre a materia, subscritos por España.

5. No non previsto no presente artigo será de aplicación supletoria a Lei do voluntariado, sen prexuízo da aplicación das normas autonómicas cando corresponda, de acordo coas competencias das comunidades autónomas neste ámbito.

#### SECCIÓN 3.<sup>a</sup>

##### *Os cooperantes*

#### Artigo 38.

1. Son cooperantes os que a unha adecuada formación ou titulación académica oficial unen unha probada experiencia profesional e teñen encomendada a execución dun determinado proxecto ou programa no marco da cooperación para o desenvolvemento.

2. Regularase o estatuto do cooperante, no que se fixarán, entre outros aspectos, os seus dereitos e obrigas, o réxime de incompatibilidades, a formación, a homologación dos servizos que prestan as modalidades de previsión social.

#### SECCIÓN 4.<sup>a</sup>

##### *Fomento da participación social na cooperación para o desenvolvemento*

#### Artigo 39. *Medidas para promover a participación da sociedade española na cooperación para o desenvolvemento.*

As administracións públicas, dentro do ámbito das súas respectivas competencias e con cargo ós seus orzamentos ordinarios, promoverán por si mesmas ou en colaboración cos axentes sociais descritos no artigo 31 da presente lei, o fomento do voluntariado e a participación da sociedade española nas iniciativas a favor dos países en desenvolvemento, así como a conciencia da solidariedade e cooperación activa con eles por vía de campañas de divulgación, servizos de información, programas formativos e demais medios que se estimen apropiados para tal fin.

##### *Disposición adicional primeira. Programas orzamentarios plurianuais.*

De acordo co establecido no artigo 61.2 do Real decreto lexislativo 1091/1988, do 23 de setembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral orzamentaria, tamén se poderán adquirir compromisos de gastos para financiar programas e proxectos de cooperación para o desenvolvemento que teñan que se estender a exercicios posteriores a aquel en que se autoricen, sempre que a súa execución se inicie no propio exercicio.

Xunto ós orzamentos xerais do Estado, o Goberno elaborará un informe que recolla de maneira integrada os créditos dos distintos ministerios e organismos públicos destinados a financiar programas de axuda oficial ó desenvolvemento.

##### *Disposición adicional segunda. Modificación da Lei do imposto sobre o valor engadido.*

Ó artigo 20, punto un, número 8.º da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, incorpóraselle o seguinte letra:

«l) Cooperación para o desenvolvemento.»

##### *Disposición transitoria primeira. Estructura orgánica do Consello de Cooperación ó Desenvolvemento e da Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.*

Entrementres non se estableza o desenvolvemento regulamentario previsto nesta lei, seguirá subsistente a

estructura orgánica recollida nos reais decretos 795/1995, do 19 de maio, polo que se crea e regula o Consello de Cooperación ó Desenvolvemento, e 451/1986, do 21 de febreiro, polo que se crea a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

Disposición transitoria segunda. *Regulación da Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento.*

Ata que se elabore a normativa á que se refire o artigo 28.2, a Comisión Interministerial do Fondo de Axuda ó Desenvolvemento seguirá rexéndose pola súa regulación específica e emitirá informe sobre os proxectos ós que se refire o dito precepto.

Disposición transitoria terceira.

Ata a entrada en vigor da regulamentación que desenvolva as disposicións do artigo 28.1, o Ministerio de Asuntos Exteriores poderá dispoñer mediante resolución ministerial dos fondos habilitados anualmente no capítulo VIII dos orzamentos xerais do Estado, para aplicación do dito artigo 28.1.

Disposición derogatoria única. *Normas derogadas.*

1. Quedan derogadas tódalas normas de igual ou inferior rango no que contradigan ou se opoñan ó disposto na presente lei.

2. Sen prexuízo do previsto na disposición transitoria primeira, quedan derogadas expresamente as seguintes disposicións:

Real decreto 795/1995, do 19 de maio, polo que se crea e regula o Consello de Cooperación ó Desenvolvemento.

Real decreto 451/1986, do 21 de febreiro, polo que se crea a Comisión Interministerial de Cooperación Internacional.

3. Queda, así mesmo, derogada a disposición adicional segunda da Lei 6/1996, do 15 de xaneiro, do voluntariado.

Disposición derradeira primeira. *Desenvolvemento regulamentario.*

Autorízase o Goberno para dictar cantas disposicións de aplicación e desenvolvemento da presente lei sexan necesarias, incluídas as relativas ó réxime económico e orzamentario.

Disposición derradeira segunda.

O Goberno promoverá cantas accións e reformas lexislativas sexan precisas para a aprobación no prazo dun ano do estatuto do cooperante, de acordo co establecido no artigo 38 desta lei.

Disposición derradeira terceira. *Entrada en vigor.*

A presente lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no «Boletín Oficial do Estado».

Por tanto,  
Mando a tódolos españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 7 de xullo de 1998.

JUAN CARLOS R.

**16304** *CORRECCIÓN de erros da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións.* («BOE» 162, do 8-7-1998.)

Advertidos erros no texto da Lei 11/1998, do 24 de abril, xeral de telecomunicacións, publicada no «Boletín Oficial del Estado» suplemento núm. 0 en lingua galega, do 15 de xuño de 1998, procédese a efectuar oportunas modificacións:

Na páxina 72, primeira columna, artigo 44, punto 1, cuarta liña, onde di: «... a ocupación do domicilio público...», debe dicir: «... a ocupación do dominio público...».

Na páxina 89, primeira columna, anexo, definición de «dereitos especiais», parágrafo c), cuarta liña, onde di: «... poñer en servizo ou a mesma zona...», debe dicir: «... poñer en servizo ou manter equipos terminais de telecomunicacións na mesma zona...».

**16712** *LEI ORGÁNICA 6/1998, do 13 de xullo, de reforma da Lei orgánica do Poder Xudicial.* («BOE» 167, do 14-7-1998.)

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban tódolos que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei orgánica.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa esixe que determinados artigos da Lei orgánica do Poder Xudicial teñan unha redacción acorde coas previsións competenciais da Lei reguladora da mencionada xurisdicción.

A doutrina do Tribunal Constitucional establece que a lei orgánica estea reservada a materia orgánica (v. gr. sentencias do Tribunal Constitucional 15/1981, do 13 de febreiro, e 76/1983, do 15 de agosto). Non deben establecerse ou reformarse normas orgánicas mediante disposicións dunha lei non orgánica; iso esixiría votacións separadas e maiorías distintas no Congreso dos Deputados.

Como é ben sabido, a práctica parlamentaria pretende darlles solución ós supostos de anteprojectos mixtos (como sería un proxecto de lei procesual con determinados artigos reformadores da Lei orgánica do Poder Xudicial); tal práctica consiste na instrumentación de dous textos separados (unha lei ordinaria e unha lei orgánica) para regula-los distintos aspectos que, en ocasións, conflúen na mesma materia. Esta solución normativa dual veuse impoñendo en diversos ámbitos reguladores.

En consecuencia, parece oportuno aprobar, mediante unha lei orgánica independente, a reforma necesaria para facer coherente a Lei reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa e a Lei orgánica do Poder Xudicial.

Refórmase o artigo 9.4, establecéndose no seu derradeiro inciso que, se á produción do dano concorren suxeitos privados, o demandante deducirá tamén fronte a eles a súa pretensión ante a orde xurisdiccional contencioso-administrativa. Por suxeitos privados hai que entender aqueles que non están ó servizo dos poderes públicos actuantes en cada situación; a responsabilidade de quen si o está esixírase, en todo caso, nos termos da Lei 30/1992.